



**CONVENIO REGULADOR DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN EN ESPECIE PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN SINXELA E MANTEMENTO A FAVOR DA ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL RECREATIVA CONTRA VENTO E MAREA DE A LAXE.**

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, a 27 de xullo de 2023.

DUNHA PARTE:

D. Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

DOUTRA PARTE:

D. María del Mar Lojo Otero, con DNI 35471497T, na súa condición de presidente da Asociación socio-cultural recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe.

**EXPOÑEN**

I. A Asociación socio-cultural recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe atópase inscrita no Registro Provincial de Asociacións de Pontevedra co nº: 1979/000504-1 (PO) e con CIF G36172260, e os seus fins son os seguintes (artigo 3 dos estatutos):

- a) Dinamización dun espacio de encontro.  
b) Realización de actividades socio-culturais, deportivas, lúdicas, festivais, exposicións, concursos, viaxes,...  
c) Organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos análogos.  
d) Formación Sociocultural de rapaces e adolescentes.  
e) Formación cultural e socio-laboral de adultos.  
f) Funcionamento dunha axencia de lectura.  
g) Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación.  
h) Calquera outra actividade que a xunta directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da asociación.







II. O Concello de Vilagarcía de Arousa ven colaborando coa citada asociación, suscribindo e incluíndo a esta nos convenios que regulan as axudas ás asociacións que xestionan centros veciñais, desenvolvendo unha importante actividade cultural e social para a veciñanza; e colaborando puntualmente nas actividades que levan a cabo.

III. É intención da Asociación socio-cultural recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe acometer a mellora e o adecentamento das instalacións da súa sede, ubicada na rúa A canteira, nº 23 – A Laxe; consistindo as obras en: “Cubrir a zona de cuberta plana con claraboias, ampliando a cuberta existente do Centro socio-cultural Contra Vento e Marea de A Laxe”, conforme se indica no orzamento achegado. Estas obras de reparación mellorarán as condicións nas que se levan a cabo as actividades, permitindo o seu correcto funcionamento.

IV. Por outra banda, o Concello de Vilagarcía de Arousa valora moi positivamente a labor desempeñada no seno da veciñanza de A Laxe. Deste xeito, manifesta o desexo de colaborar coa sociedade indicada, tendo en conta o importante labor sociocultural desempeñado neste núcleo rural, tendo intención de colaborar nas obras descritas mediante a concesión dunha subvención, existindo partida en 334-48201.

De conformidade co que antecede, o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación socio-cultural recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe, consideran convinte que a citada achega económica se plasme mediante a sinatura do correspondente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é a concesión dunha subvención en especie á Asociación socio-cultural recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe, por importe de 4.394,12 euros, para as obras descritas no expoñendo III.

### Segunda. Obriga das partes.

O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a:

-Colaborar cunha achega de 4.394,12 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334-48201 do orzamento municipal para o exercicio 2023, para levar a cabo as obras descritas no expoñendo III na sede que a Asociación socio-cultural recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe ten no municipio de Vilagarcía de Arousa, subvencionadas en especie polo Concello de Vilagarcía de Arousa e executadas pola empresa Cuevas, S.L.





#### **Terceira. Duración.**

O presente convenio surtirá efectos desde a súa sinatura e terá duración ata a data límite da xustificación.

#### **Cuarta. Resolución.**

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o suscriben.
- A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinan a súa extinción.
- O incumprimento, sempre de carácter esencial, de calquera das súas cláusulas.

#### **Quinta. Xustificación da subvención en especie.**

A empresa encargada da execución das obras recollidas no expoñendo III será a responsable de xustificar o gasto subvencionado en especie polo Concello de Vilagarcía de Arousa, achegando a correspondente factura nesta administración, seguindo o R.D. 1619/2012, do 30 de novembro.

#### **Sexto. Prazo.**

O prazo de xustificación remata o 30 de novembro do presente ano.

#### **Sétima. Publicidade.**

O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables da Área de Comunicación.

#### **Oitava. Lingua.**

A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego, dentro do ámbito territorial de Galicia.

#### **Novena. Seguimiento.**

O beneficiario poderá ser requerido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.







#### **Décima. Causas de reintegro.**

Procederá o reintegro da subvención en especie sempre que se produzan calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Cláusula adicional.**

Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado en especie para a percepción íntegra da citada subvención. Unha xustificación menor dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

En proba de conformidade co que antecede, as partes firman por duplicado exemplar e a un solo efecto no lugar e data no encabezamento indicados.



Alberto Varela Paz  
Alcalde-Presidente

María del Mar Lojo Otero  
Presidenta da Asociación socio-cultural  
recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe

